

Curso 2019/2020



[PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE]

CEIP PLURILINGÜE DE CASTRELO



ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES
3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS
4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS
6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DIFERENTES PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO DE OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS AO CENTRO
9. PROTOCOLO PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS
10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN



1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Entendemos por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O obxectivo deste plan é compensar as posibles carencias derivadas de situacións persoais, sociais e culturais desfavorecidas e garantir unha desposta educativa de acordo á diversidade existente referente a necesidades, intereses e diferenzas culturais e sociais dos alumnos.

Consideramos a pluralidade sociocultural como un factor enriquecedor dunha escola integradora e plural.

Co plan pretendemos previr a resolver aspectos relacionados coa diversidade do alumnado, evitando problemas de exclusión social, discriminación e inadaptación, pretendendo organizar os recursos humanos e materiais, de xeito que contribúan a dar resposta ás necesidades educativas que atopamos nas aulas a causa da diversidade de intereses, capacidades e ritmos de aprendizaxe que atopamos no noso alumnado.

1.1. CARACTERÍSTICAS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación do C.E.I.P. Plurilingüe de Castrelo é compartido coa E.E.I. Plurinfantil da Pastora. Actualmente, os alumnos da do C.E.I.P. Plurilingüe de Castrelo están adscritos ao IES Francisco Asorey.

1.2. CONTEXTO NO QUE NOS DESENVOLVEMOS

O centro consta de 9 unidades conformadas polos 3 cursos da etapa de 2º ciclo da Educación Infantil e 6 cursos da etapa de Educación Primaria, que se adapta ás características do sistema educativo que se establece na L.O.E.



2/2006, de 3 de maio, modificada pola L.O.M.C.E. 8/2013, de 9 de decembro, dispoñendo dun ximnasio, biblioteca, aula de apoio á estimulación da audición e linguaxe que está compartida coa especialidade de pedagogía terapéutica, un Departamento de Orientación, patio de recreo, diferentes aulas e almacéns, e outras dependencias de carácter administrativo.

Neste PXAD faremos constar unha serie de datos referentes ó C.E.I.P. Plurilingüe de Castrelo sobre a composición do noso Departamento de Orientación:

- Xefa do Departamento de Orientación: carácter definitivo no centro
- Especialista en Pedagogía Terapéutica: carácter definitivo no centro
- Especialista en Audición e Linguaxe: carácter provisional no centro
- Coordinadora do 2º ciclo de Infantil: carácter definitivo no centro
- Equipos de nivel: un titor/a de cada nivel ou curso da etapa de Educación Primaria.

Así, en canto ó profesorado destinado ao centro e alumnado escolarizado, así como as necesidades detectadas, faremos o seguinte desglose:

➤ Profesorado destinado no centro:

Especialidade docente	Profesorado con destino definitivo	Profesorado con destino provisional	Profesorado compartido con outros centros	Persoal non docente
Educación Infantil	4			
Educación Primaria	4	2		
Audición e linguaxe				
Lingua estranxeira:				
Inglés	1			
Educación Física	1			

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA		CEIP <i>plurilingüe</i> DE CASTRELO <small>A Bouza 96, Castrolo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra) Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/</small>		
Música	1			
Pedagogía Terapéutica	1			
Audición e Linguaxe			1	
Relixión			1	
Orientadora			1	
Coidadora			1	1
Auxiliar conversa				1
Total	12	2	4	2

➤ Número total de alumnos escolarizados (curso 2019/2020): 147

Alumnado por curso

Educación Infantil (2º ciclo)		
4º curso	5º curso	6º curso
12	15	15

Educación Primaria					
1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	5º curso	6º curso
10	14	16	19	21	25

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Faise un repaso dos datos do PXAD e dos datos aportados na memoria final, así como das actas das sesións de avaliación anteriores, para comprobar os nenos/as que deberán seguir recibindo apoio e atención da especialista de AL e de PT.

Dende o Departamento de Orientación decídese esperar por norma a facer unha valoración inicial de todo o alumnado que aparece na previsión para cada curso e, en función desta avaliación, estableceranse as prioridades para



deseñar o horario de de AL e dos apoios de Educación Infantil e Educación Primaria, máis axustados posible as necesidades que presentan o alumnado e os grupos.

***Alumnos que recibirán apoio da especialista de A.L. (datos estimativos) e os alumnos que precisan intervención de P.T. (datos estimativos para o curso 2019/2020)*

Educación Infantil								
2º ciclo de Educación infantil								
4º curso			5º curso			6º curso		
P.T.	A.L.	P.T.+A.L.	P.T.	A.L.	P.T.+A.L.	P.T.	A.L.	P.T.+A.L.

Educación Primaria								
1º curso			2º curso			3º curso		
P.T.	A.L.	P.T.+A.L.	P.T.	A.L.	P.T.+A.L.	P.T.	A.L.	P.T.+A.L.
1	1	1	1	1	0	2	0	2
0	0	2	0	0	2	0	1	1

Educación Primaria								
4º curso			5º curso			6º curso		
P.T.	A.L.	P.T.+A.L.	P.T.	A.L.	P.T.+A.L.	P.T.	A.L.	P.T.+A.L.
2	0	2	0	0	2	2	0	1

*Hai 4 nenos en expectativa de valoración, debido a solicitudes achegadas ó Departamento de Orientación a finais do curso pasado, escolarizacións de admisión por reserva de prazas para NEAE e diagnósticos médicos que se van aportando ao longo de cada curso escolar ao centro educativo.



3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

Marcámonos os seguintes obxectivos:

- ✓ Detectar o antes posible as necesidades educativas especiais dos alumnos e alumnas e establecer un diagnóstico e intervención axeitados.
- ✓ Facilitar ao alumnado con necesidades educativas especiais unha resposta axeitada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- ✓ Clarificar as responsabilidades de cada un dos profesionais implicados no proceso nun contexto de cooperación.
- ✓ Planificar propostas educativas diversificadas; de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado.
- ✓ Colaborar na organización e coordinación dos recursos persoais e materiais do centro de cara a mellorar a eficacia das accións levadas a cabo.
- ✓ Establecer vías de colaboración e coordinación con profesionas e institucións externas ó centro (cando proceda).

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No referido ás liñas de actuación prioritarias do Departamento de Orientación do C.E.I.P. Plurilingüe de Castrelo, basearémonos nas propostas incluídas na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional, no proxecto educativo de centro e nas propostas de



mellora incluídas na memoria do departamento de cada curso anterior.

Destacamos os seguintes ámbitos de intervención:

- Inclusión e atención á diversidade
- Actuacións relacionadas co plan de orientación e plan de acción tutorial
- Promoción da convivencia e da educación en valores
- Actuacións relacionadas cos procesos de avaliación e calidade

Dun modo xeneralizado, partiríamos dunha avaliación inicial que é realizada preferentemente polo profesor titor. Unha vez detectadas as necesidades do alumnado, o titor comunicaralle á xefatura de estudos os datos destacados ou que deben ser tomados en consideración. Posteriormente, o titor tomará as medidas oportunas para corrixir os déficits detectados. De non superar os déficits, comunicarllo á xefatura de estudos, que, previas sesións informativas coa dirección e claustro, determinará as medidas a tomar.

As medidas a tomar para a atención ó alumnado con NEAE, pódense clasificar en dúas categorías:

a) ORDINARIAS:

Inclúense dentro das medidas ordinarias aquelas que se citan como tales no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, segundo o cal *“considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contados e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centro educativos e ás características do alumnado”*.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias,



estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas para as diferentes ensinanzas:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización da aula, ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas á contorna do noso centro e ao alumnado.
- Adaptación dos instrumentos e procedementos de avaliación e dos tempos.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos diversos: heteroxéneos, homoxéneos, parellas, titorización por iguais e outras que promovan a inclusión.
- Metodoloxías de corte construtivista e traballo por proxectos.
- Reforzo por parte das titorías.
- Programas específicos personalizados desde a titoría para o alumnado que non promociona de ciclo/curso ou que o fai sen ter acadadas todas as competencias.
- Apoio por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria (Educación Primaria)
- Atención educativa por parte do persoal laboral: coidadora.
- Programa de filosofía para nenos/as e de educación emocional (traballo da educación emocional).
- Programa de Habilidades Sociais.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programa de estimulación da linguaxe oral (PELO)
- Desdobramentos heteroxéneos de grupos (na competencia Lingüística e na competencia matemática nos cursos de 3º a 6º de Educación Primaria).
- Obradoiros internivel (2º ciclo de Educación Infantil e 6º curso de Educación Primaria).



- Programa de seguimento e prevención en Infantil e Primaria
- **Repeticións** (as repeticións son “medidas de carácter excepcional”, polo que para considerala como necesaria a levar a cabo é preciso ter en conta que debemos aplicar as demais medidas nomeadas con anterioridade ó alumnado).

b) EXTRAORDINARIAS:

Inclúense dentro das medidas extraordinarias aquelas que se citan como tales no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, segundo o cal *“considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que podan requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar éstas insuficientes”*:

- Apoio dentro ou fóra da aula ordinaria (nunca excederá a terceira parte da xornada escolar) por parte da mestra especialista de Pedagogía Terapéutica e pola mestra especialista de Audición e Linguaxe.
- ACS
- Flexibilización do período de escolarización (para casos moi xustificadas).
- Agrupamentos flexibles (entendendo estes como grupos de carácter homoxéneo que se constitúen previa autorización da Inspección).



Como punto de partida e a nivel xeral cómpre destacar que cantas máis e mellores medidas se adopten a nivel de xeral e de Programación de aula, tanto de acceso como curriculares, menor será a adaptación que haberá que realizar a nivel individual.

Polo que, no noso centro educativo, a nivel de centro e aula, prevense diferentes tipos de medidas didácticas de carácter preventivo, como son:

Medidas a nivel de centro e aula:

Estas medidas afectan a todo o alumnado do centro, reflíctense na concreción anual da Programación Xeral Anual (PXA) para cada curso, e son competencia de todo o centro.

No C.E.I.P. Plurilingüe de Castrelo, estamos na liña de focalizar a atención en maior medida na inclusión e medidas de prevención na atención á diversidade, na promoción dun enfoque de traballo e avaliación competenciais e na promoción da convivencia, tal e como se reflectirá no apartado dos programas prioritarios do Plan de actividades do departamento de orientación. Isto supón desenvolver tanto programas de intervención específicos para alumnado con NEAE como outros programas de corte xeral dirixidos a todo o alumnado do centro.

- Destacamos os seguintes programas e liñas prioritarias de actuación:
 - Iniciar na elaboración e na posta en marcha do **Plan de prevención** en E Infantil e Primaria, coa colaboración das titorías: tipos de informe de seguimento, utilidade para as titorías,...
 - Potenciar e avanzar nun enfoque de traballo e avaliación por competencias no centro, coa conseguinte repercusión metodolóxica: traballo cooperativo, por proxectos, obradoiros, Tics,...



- Potenciar os apoios e os reforzos dentro da aula ordinaria, buscando modelos de colaboración entre titoría e reforzo máis inclusivos e realizando unha valoración trimestral global destas intervencións e dos informes ás familias, antes da sesión de avaliación.
- Seguir potenciando e colaborar co profesorado do centro na elaboración dos Plans de reforzo para o alumnado con NEAE, alumnado que non promociona ou alumnado que promociona sen ter acadado as competencias clave.
- Nas aulas que contan cun número significativo de ACNEAE en relación as dificultades de aprendizaxe lectoescritor, cálculo e déficit atencional promover a realización dun plan de atención á diversidade xeral:
 - Medidas xerais (agrupamentos, traballo cooperativo, recantos, organización variada de tarefas e actividades,...)
 - **Deseño de talleres** (gran grupo e/ou pequeno grupo heteroxéneo) de competencia lingüística e matemática (en todos os niveis de Primaria).
 - Adaptacións metodolóxicas non significativas /Pautas de actuación.
 - ...
- Sistematizar as medidas e os protocolos (familias, profesorado, servizos sanitarios, departamento...) establecidos no novo plan xeral de atención á diversidade.
- Seguir avanzando nunha estreita colaboración profesorado de apoio-titoría: programas de intervención, seguimento, boletíns informativos ás familias, avaliacións,...
- Equilibrar, dentro da aula ordinaria, o apoio brindado ó ACNEAE, de xeito que se optimice e se dirixa a atención educativa e os recursos persoais a todo o grupo, buscando, así mesmo, desenvolver a



autonomía do alumnado, evitando unha excesiva dependencia do adulto no traballo.

- Continuar desenvolvendo unha **coordinación estreita coas familias** (orientadora e profesorado de PT), en estreita colaboración coas titorías, explicándolles as necesidades observadas, as medidas deseñadas, a necesidade de poñelas en marcha, recomendacións para o ámbito familiar, intercambio de información sobre a coordinación mantida cos gabinetes de apoio externo...
- **Coordinación externa:** Tentar unha maior coordinación entre os departamentos dos CEIP Plurilingüe de Castrelo e comarca, a educadora familiar do Concello e a Gardería Municipal.

A nivel específico destacamos:

ADAPTACIÓNS NON SIGNIFICATIVAS: Cómpre mellorar este ámbito reflexionando sobre liñas metodolóxicas base que benefician a atención á diversidade: proxectos, aprendizaxe cooperativa, tarefas funcionais, recantos...; e avanzando en estratexias metodolóxicas concretas na atención ó alumnado con NEAE como os apoios visuais, pasos para resolver problemas (autoinstrucións, organizadores gráficos, ...), uso sistemático da axenda, ...

EDUCACIÓN INFANTIL: Como etapa fundamental e básica propoñémonos reconfigurar o noso sistema na abordaxe do desenvolvemento neuromotor, psicomotor e sensorial, estudando e mellorando a nosa intervención, fundamentalmente desde un plano preventivo. Ademais cabe considerar que este curso implantamos no noso centro o programa Plurininfantil, sendo a materia que se imparta en lingua estranxeira a “psicomotricidade”, dándolle un peso de maior relevancia no día a día.

Partindo da importancia que ten conseguir un bo desenvolvemento global do alumnado en Infantil como base primordial do seu futuro persoal e escolar, consideramos imprescindible realizar unha profunda análise como equipo, das



liñas educativas clave nesta etapa para, deste xeito, poder reconfigurar e establecer un novo proxecto educativo consensuado. Entendemos que hai varios ámbitos ineludibles nesta reflexión: creatividade, pensamento, emocións, habilidades sociais, sensorialidade e psicomotricidade.

APRENDIZAXE SENSORIOMOTOR: Tentarase poñer en marcha un estudo sobre a mellora na aprendizaxe, na atención, nas habilidades visuais... a través do movemento e o desenvolvemento neuromotor/neurosensorial. Isto conlevará a introdución, de maneira experimental, nas aulas de actividades neste sentido e, fundamentalmente, implicará un cambio profundo nos protocolos de avaliación psicopedagóxica desenvolvidos polo departamento de orientación. Iniciamos un camiño formativo que cómpre continuar ó longo deste curso.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

A coordinación constitúe unha condición indispensable para o adecuado funcionamento dun centro educativo sentando as bases para a coherencia das actuacións levadas a cabo no mesmo e para optimizar a súa organización e funcionamento. Esta coordinación ha de ser fluída e continuada no tempo, permitindo así reorientar os procesos organizativos e de ensino de acordo coas dificultades que se vaian detectando.

Na posta en marcha deste Plan xoga un papel importante a CCP, establecendo as directrices e liñas xerais e o Departamento de Orientación, impulsando a concreción e a aplicación anual do Plan e asesorando sobre cuestións relacionadas co mesmo. Pola súa banda, os Equipos de Ciclo/Nivel deberán adaptar e contextualizar o Plan ó ciclo/nivel educativo correspondente, elevando as suxestións e achegas que consideren oportunas o Departamento de orientación e a CCP.



A nivel máis específico a coordinación podería concretarse do seguinte modo:

Deseñaranse espazos de coordinación periódicos entre o equipo de traballo na atención ó alumnado con NEAE:

- ★ Unha sesión mensual entre titoría e profesorado de apoio na aula (alumnado con NEE e posibles ACS).
- ★ Unha sesión semanal, onde participarán mestre titor/a e orientadora.
- ★ Unha sesión semanal, onde participarán orientadora e PT e AL.
- ★ Unha sesión trimestral de todo o equipo de traballo.
- ★ Contacto periódico coa familia.
- ★ Contacto periódico (bimensual/trimestral) cos servizos de atención externa: gabinetes psicopedagóxicos, atención temperá, ...

Coordinación Equipos internivel

- Periodicidade: mensual.
- Contido:
 - ■ Evolución do desenvolvemento xeral do alumnado.
 - ■ Propostas para a mellora do desenvolvemento xeral.
 - ■ Valoración das relacións sociais no grupo.
 - ■ Propostas para a mellora da convivencia.
 - ■ Desenvolvemento e seguimento das adaptacións curriculares.
 - ■ Desenvolvemento e seguimento doutras medidas de atención á diversidade.



Titorías, equipo de apoio e Departamento de orientación

- Periodicidade: semanal / quincenal / mensual.

- Contido:
 - ■ Desenvolvemento das actividades de titoría realizadas cos grupos.
 - ■ Desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.
 - ■ Seguimento de programas específicos.
 - ■ Valoración e posta en común da evolución dos grupos.
 - ■ Aspectos relacionados coa convivencia e o desenvolvemento curricular.
 - ■ Preparación das sesións de avaliación dos grupos.
 - ■ Tratamento da atención individualizada ao alumnado e ás súas familias.
 - ■ Coordinación dos equipos docentes.
 - ■ Desenvolvemento dos Plans de Prevención
 - ■ Etc.

Así mesmo cómpre ter en conta que:

- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
- Se atenderá ó alumnado obxecto dunha adaptación curricular individual.
- Se continuará cos apoios realizados no curso anterior, priorizando os cursos inferiores e, sobre todo, o alumnado con diagnóstico médico (educación infantil e educación primaria).
- Se atenderá primeiro aos reforzos que repiten curso dos que non.



- Os apoios irán dirixidos prioritariamente a reforzar as aprendizaxes instrumentais.
- Os tempos de apoio nunha determinada materia deben corresponderse co horario do seu grupo de referencia co fin de garantir a integración do alumno/a na súa clase.
- A distribución horaria dos apoios será variable segundo a evolución dos alumnos e alumnas e á dinámica do centro.
- A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións dentro do curso.
- É fundamental e preceptiva a coordinación titor - profesorado de apoio – orientadora / Xefa de estudos.
- As decisións sobre o horario de atención a cada alumno/a ou grupo de alumnos/as, así como a modalidade de intervención (individual, en pequeno grupo, dentro ou fóra do aula) será proposta pola xefa do DO, en colaboración coas titorías, profesorado de apoio e Xefatura de estudos.
- Se buscará a optimización dos recursos humanos do centro, en función das características de apoio que se faga, procurando que ese apoio sexa dentro da aula ordinaria.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DIFERENTES PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

Profesorado responsable do alumnado con NEAE.

En función das necesidades detectadas nas avaliacións iniciais, no C.E.I.P. Plurilingüe de Castrelo dispórase de persoal específico para desenvolver estas funcións de apoio e seguimento.



Apoio específico

No centro cóntase co seguinte persoal de apoio:

- 1 mestra a tempo completo coa especialidade de Pedagogía Terapéutica
- 1 mestra compartida da especialidade de Audición e Linguaxe
- 1 auxiliar técnico educativo.

Apoio ordinario

No centro educativo cóntase con:

- 1 mestra de apoio ordinario na Educación Infantil.
- Os mestres titores de Educación Infantil, Primaria e especialistas poderán facer apoios nas diferentes etapas, en función das necesidades e dispoñibilidade horaria

Para a coordinación deste profesorado establecerase unha reunión semanal (dentro do horario non lectivo) coas mestras especialistas de apoio.

Horas de coordinación entre o profesorado titor, PT e AL

Establécense fóra do horario lectivo horas de coordinación entre as titorías e a especialista de AL e de PT, en tempos que se establezan na Programación Xeral Anual para cada curso, dentro dos mecanismos de coordinación entre os diferentes órganos de goberno, equipos e titorías.

En relación coa diversidade do alumnado presente nas nosas aulas, as funcións de cada profesional reflíctense no seguinte resumo:

a) Actuacións e responsabilidades da xefatura de estudos e/ou dirección do centro:

- Desenvolver mecanismos e indicadores para o seguimento do P.X.A.D., facéndose responsable do seu desenvolvemento, seguimento e



avaliación e velando polo seu cumprimento, avaliación e memoria. Realizará as xestións necesarias para a aprobación da proposta do P.X.A.D. e a súa inclusión na programación xeral anual.

- Asignará o profesorado de apoio para o alumnado con N.E.A.E. e/ou ás diferentes clases/aulas onde considere que sexa oportuno.
- Coordinará as diferentes actividades docentes relacionadas coas avaliacións, adaptacións curriculares, actividades de recuperación, reforzo e ampliación, así como a coordinación, seguimento, avaliación e revisión da evolución do alumnado con N.E.A.E., establecendo a dirección das directrices de coordinación entre o titor e o resto de especialistas con funcións de apoio e reforzo.
- Autorizará as medidas de atención á diversidade de carácter extraordinario e solicitará a intervención do equipo específico cando o considere necesario.

b) Actuacións e responsabilidades dos membros de Departamento de Orientación:

- Facer unha proposta da concreción do P.X.A.D., elaborando posteriormente unha memoria do P.X.A.D. e incluíla na memoria do Departamento de Orientación
- Asesorar ao profesorado (de área, titor e apoio) no seguimento, avaliación e revisión da evolución do alumnado con N.E.A.E., así como aquel profesorado que realice unha adaptación curricular (tanto na súa elaboración, renovación como avaliación).
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas (segundo o protocolo establecido), as propostas e deseño de intervención específica a realizar pola especialista en A.L. e en P.T. e o estudio e análise das informacións obtidas nas avaliacións iniciais de novo ingreso ao centro educativo, asesorando (aos titores) sobre as posibles medidas organizativas en función dos datos obtidos.



- Colaborar na realización do informe psicopedagóxico e no deseño das medidas de atención á diversidade en función dos datos obtidos nas avaliacións psicopedagóxicas.
- Elaborar, a final da etapa de Educación Infantil e de Educación Primaria, un informe do proceso educativo do alumnado que fose obxecto dunha atención derivada das necesidades educativas especiais.

c) Actuacións e responsabilidades do profesorado de apoio específico (Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica):

- Realizar a docencia ao alumnado con N.E.A.E., ben sexa con programas específicos de intervención ou en calquera outra intervención docente (directo ou de apoio ao profesorado), así como o seu seguimento, avaliación e coordinación; exercendo as labores de orientación, apoio e asesoramento ao profesorado e pais do alumnado obxecto de intervención.
- Colaborar na realización de avaliacións psicopedagóxicas.
- Asistir ás reunións de seguimento do alumnado con N.E.A.E., así como ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica e do departamento de orientación.
- Coordinarse co departamento de orientación, titor/profesor en temas relacionados coa atención ao alumnado con N.E.A.E.

d) Actuacións e responsabilidades do xefe do Departamento de Orientación:

- Participar nas sesións de avaliación mediante o asesoramento e apoio ao profesorado, para deseñar, desenvolver e avaliar as actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas que se realizan coas medidas de atención á diversidade conforme ao proxecto curricular de centro.
- Realizar os informes psicopedagóxicos e os ditames de escolarización, realizado as revisións da escolarización diferente á ordinaria.



- Asistir ás convocatorias de reunión realizadas polo IES adscrito e a Comisión de Coordinación Pedagóxica (representando ao Departamento de Orientación)
- Elevar á dirección, colaborando cos especialistas de apoio, unha proposta de organización docente para o alumnado con N.E.A.E.
- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións do Departamento de Orientación.

e) Actuacións e responsabilidades do profesor titor:

- Realizar as avaliacións iniciais do alumnado de novo ingreso e a comezo de cada ciclo, elaborando aquelas medidas de reforzo necesarias para solucionar as dificultades presentadas, así como o seguimento e avaliación do alumnado con N.E.A.E.
- Colaborar co Departamento de Orientación na realización das avaliacións psicopedagóxicas.
- Impartir a docencia ao alumnado con N.E.A.E. na aula ordinaria e informar aos pais da evolución deste alumnado, así como dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas dos alumnos, dos resultados desa identificación e valoración e das posibles aplicacións e medidas de atención á diversidade que se determine.
- Solicitar convocatorias de reunións á dirección para o seguimento do alumnado con N.E.A.E.
- Rexistrar os datos relativos á avaliación psicopedagóxica nos diferentes documentos oficiais segundo indica a Lei.
- Decidir sobre a promoción de ciclo e de etapa despois de escoitados os pais.
- Coordinarse coa dirección sobre a atención do alumnado con N.E.A.E.



7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO DE OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

Coordinación no cambio de ciclo – etapa:

Para o cambio de etapa están deseñados uns momentos e xuntanzas de coordinación trimestralmente dentro do curso académico que se recollerán no respectivo Plan de Tránsito a Secundaria. En ambos casos establécense xuntanzas interetapas para o intercambio de información: titorías e orientadoras, profesorado de apoio. No paso á Secundaria, os orientadores/as do concello que manteñen a transición no mesmo IES da zona, manteremos unha comunicación directa sobre ACNEAE e, así mesmo, desde Infantil elaboraranse informes sobre todas as medidas de atención á diversidade deseñadas con este alumnado ó longo da súa escolaridade para anexar no seu expediente.

En cada curso escolar e, ao longo do mesmo, e dentro da reconfiguración do Plan de preparación para Primaria, nos propoñemos iniciar unha análise conxunta de medidas na atención ó alumnado con NEAE (adaptacións curriculares non significativas) para facer máis fluída a transición interetapa ó noso alumnado. Tamén sería moi interesante poder compartir as liñas pedagóxicas clave dos centros do concello e establecer unha maior comunicación e coordinación coa escola infantil (0-3) municipal.

Así mesmo, manteremos unha liña estable de coordinación co EOE (técnicos en TEA), coa educadora familiar do Concello (unha xuntanza trimestral como mínimo), cos gabinetes de atención psicopedagóxica externa (unha xuntanza trimestral e/ou correspondencia periódica), coas profesionais da USM do CHOP (previa a cada revisión de seguimento) e co IES Francisco Asorey (trimestral). Entendemos que este estilo colaborativo estable de traballo



ofrece unha maior coherencia e calidade á atención educativa que prestamos no centro.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS AO CENTRO

a) Participación e colaboración coas familias

A Dirección do centro promoverá a implicación dos pais, nais e/ou titores legais do alumnado para desenvolver medidas destinadas ao desenvolvemento integral do alumnado, particularmente no referente á mellora da autonomía, esforzo, autoestima e participación da convivencia.

O centro promoverá programas de familia-escola (como a Escola de Nais e Pais) e/ou das medidas que correspondan para que as nais, pais e /ou titores legais do alumnado reciban información e asesoramento que os axuden na súa labor educativa, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros.

b) Colaboración con entidades, asociacións e outras organizacións relacionadas coa atención á diversidade

Estes centros, estarán abertos a distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado.

De ocorrer esta situación, o centro establecerá protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas.

c) Coordinación intercentros



Promoverase a coordinación entre os diferentes centros educativos e, especialmente, entre os centros que atenden ao mesmo alumnado, asesorando á familia en todo momento, mantendo unha periodicidade nas reunións de coordinación como se recolleu anteriormente.

11.PROTOCOLO PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

No Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, *“considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que podan requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes”*.

Condicións xerais a ter en conta cara a aplicación das medidas extraordinarias

- a) Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes
- b) Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que procesa e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.
- c) Consideramos medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as seguintes: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en P.T. e/ou A.L., flexibilización da duración do período de escolarización, grupos de adaptación de



competencias curriculares, grupos de adquisición de linguas, atención ao alumnado que por circunstancias diversas presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Procedemento a seguir para determinar as medidas de atención á diversidade

- a)** Unha vez detectado o déficit ou indicios de necesidades, a partir da avaliación inicial que se realice a principio de curso, e observado o alumno un tempo prudencial para comprobar a súa avaliación na aula, se o mestre/a titor/a considera que o alumno non se axusta ben sexa ás súas necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, provocando un déficit na súa evolución escolar e persoal, deberá tomar outras medidas pedagóxicas ou organizativas diferentes para comprobar o seu resultado.
- b)** De non xurdir efecto as citadas medidas, o titor comunicarllo á dirección do centro ou á xefatura de estudos, que convocarán unha reunión ó equipo docente que lle impartan clase ao alumno/a (á que poderá asistir a xefa do Departamento de Orientación e profesorado de apoio). Nesta reunión exporase o déficit do/a alumno/a e as medidas correctoras tomadas; se xurde algunha posible solución ao problema, tratarase de aplicar nun tempo prudencial para observar a súa evolución; si non xurde a evolución esperada ou non son efectivas as medidas acordadas, considerarase a posibilidade de realizar unha avaliación psicopedagóxica.
- c)** De decidir a necesidade de realizar unha avaliación psicopedagóxica, o/a titor/a terá que cubrir o protocolo de demanda da mesma, que llo proporcionará a dirección do centro e/ou a xefa do Departamento de Orientación.
- d)** O/a titor/a comunicarlle aos pais, nais ou titores legais sobre a necesidade de realizar a citada avaliación, do que terán que firmar un



documento conforme están “informados” da situación actual do alumno ou alumna.


- e)** Unha vez firmado este documento, notificaráselle á dirección do centro e á xefa do Departamento de Orientación para que os membros do D.O., coordinados polo xefa do mesmos, establezan as probas, enquisas e informacións necesarias para realizar a avaliación. Neste apartado necesitarase a colaboración dos pais, nais ou titores legais alumno para rexistrar os datos do neno que se consideren importantes, así mesmo, o/a titor/a do alumno ou alumna, así como calquera profesional do centro cubrirán unhas pequenas enquisas relacionadas coa evolución escolar, familiar, social, de actitude ou conduta do nenos que considere importante ter en conta.
- f)** Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica, a xefa do Departamento de Orientación convocará á persoa titora e, no seu defecto, ó equipo docente que lle imparte docencia, a cal asistirán membros do D.O. e a dirección do centro para valorar as conclusións da avaliación psicopedagóxica. De acordar medidas ordinarias ou extraordinarias, a titoría en coordinación coa xefa do D.O. especificará cal desas medidas se aplicarían especificamente, marcando as liñas base para o seu desenvolvemento.
- g)** De acordar medidas ordinarias de atención á diversidade non será necesario a elaboración dun informe psicopedagóxico, pero si é necesario elaboralo no caso de tomar medidas extraordinarias.
- h)** Os pais, nais ou titores legais serán informados polo seu titor das conclusións da avaliación psicopedagóxica e das posibles medidas de atención á diversidade, e de realizarlle un informe psicopedagóxico será informado polo seu titor e, se se estimase conveniente, pola orientadora do centro, ben sexa nunha reunión conxunta coa titoría ou en diferentes reunións.

O procedemento a seguir de forma sistematizada está recollido a continuación a modo esquemático:



PROPOSTA PROTOCOLO DE ACTUACIÓN. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ALUMNO/A OU GRUPO PRESENTA DIFICULTADES / AVALIACIÓN INICIAL






AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA (Informac. Familias)

IMPLICADOS NA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA:

- TITOR/A
- P. DE ÁREA, SE PROCEDE
- EQUIPO DE APOIO
- ORIENTADORA



DESEÑO E ORGANIZACIÓN, SE PROCEDE:

- DOS APOIOS ESPECÍFICOS (PT/AL) E/OU
+TITOR/A
- DE MEDIDAS DE REFORZO

D.O.



POSTA EN MARCHA DOS APOIOS (PREFERENTEM. DENTRO DA AULA)

(Informac. Familias)

A XEFATURA DE ESTUDOS ESTARÁ ENTERADA E PARTICIPARÁ NA COORDINACIÓN DE TODO O PROCESO

O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (EN COLABORACIÓN CO TITOR/A) ELABORARÁ, SE PROCEDE, UNHA PROPOSTA DE APOIOS ESPECÍFICOS E/OU DE REFORZOS **QUE TERÁ QUE SER APROBADA POLO EQUIPO DIRECTIVO E EXPOSTA NA CCP**



IMPORTANTE: OS DATOS DO DOCUMENTO DE SOLICITUDE DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA:

- SERVEN COMO PUNTO DE PARTIDA DA AVALIACIÓN
- AMÓSANOS O NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR E, DE SER O CASO, O DESFASE RESPECTO Ó GRUPO. (CRITERIO DE PRIORIZACIÓN DA ATENCIÓN)



CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN NA AVALIACIÓN.

- ALUMNADO SEN AVALIAR
 - ALUMNADO CON NEAE
 - ALUMNADO CUN DESFASE CURRICULAR DE 2 OU MÁIS CURSOS
 - ALUMNADO CON DESFASE CURRICULAR E/OU OUTRAS DIFICULTADES

- ALUMNADO AVALIADO ANTERIORMENTE. REVISIÓN
 - ALUMNADO QUE FINALICE ETAPA

PRIORIDADE XERAL AVALIACIÓN:

- PRIMEIROS CURSOS DE ESCOLARIDADE E
- ALUMNADO DE SEXTO CON NEAE SEN VALORAR

CRITERIOS XERÁIS APOIO (PREVENCIÓN - INTERVENCIÓN):

- NEE
 - AC
 - FLEXIBIL.
- } garantir APOIO/REFORZO ó alumnado que non promociona



12. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O equipo directivo do centro será responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade, para o que establecerá mecanismos e indicadores para o seguimento e avaliación do mesmo e emitirá (como acción de seguimento) un informe trimestral e final sobre o desenvolvemento da atención á diversidade no centro, que se avaliará como un apartado máis dentro da revisión da P.X.A. Para iso, o equipo directivo considerará as opinións dos equipos de ciclo e os informes da C.C.P no que se valorará o grao de realización do plan e a súa adecuación, e as finalidades que pretende, rexistrándose na avaliación final da P.X.A.

En función do seguimento e avaliación realizada polo equipo directivo, ao final de cada curso, o D.O. elaborará unha memoria final do P.X.A.D. e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do D.O e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

Os axentes implicados nesta avaliación son os mesmos alumnos e alumnas, titores e titoras, ... a través das reunións de coordinación de cada nivel, das do D.O. e das reunións dos diversos equipos, con especial consideración da C.C.P e o equipo directivo.